

LEMBRANZAS PARA UN NADAL FERIDO

Aínda bailan charetas
no aire vinculeiro,
no aire relebrado
do nadal na lareira.

- O avó non sabía
que xa era noite pecha -

A panxoliña ás veces
como unha man suave
aloumiñaba as tebras.
Outras veces o vento,
fuxidío e teimoso,
diciu cantarelas:
seica llas incensaba
co seu alento maino
o fume dunha xesta.

- Da cantiga do vento
o avó sabía a letra -

Canle do corazón,
miña nai, tan pequena,
decote se axiganta,
decote xorde loira,
raíña dunha festa
ateigada de fe,
amor e sinxeleza.
O meu pai, coma un crego
misando na súa igrexa,
de cando en vez, moi serio,
botaba ó lume leña.

- Suspiraba o avó
e recendía a terra -

A miña irmá pequena
topeneaba a carón
do sono deloirado,
do gato e da cadela.

- O avó a cotío
recitaba consellas -

Ledicia nadaleira,
tan pretiño da vida,
tan parente das cousas
que mancaba nas veas.

- O avó tiña bágoas,
quizais as derradeiras -

* * *

Nesta terra estranxeira.
non podo festexar
o nadal do Señor,
que me falta a lareira.

- Quedeime sen nadal,
i se o avó o soubera !

Soidades me desleigan.
O tempo relaído
está a ollarme turdido
namentras que me acena.

- Fuxiu do tempo o avó
e vive coas estrelas -

O medo pestanexa
rentes de min, chantado
como unha cruz de sombras
no medio da existencia.

- Deus sabe que nos ten,
di o avó con voz rexa -

Meu Nadal, se estiveras
alí cando eu regrese
triunfante ou derrotado
á miña patria anterga...

- i Se o avó, coma sempre
fumase na lareira !

María Pilar Campo Domínguez

Nadal de 1977

Primeiro Premio Begonte de Poesía